

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2023 pola que se publica a concesión dos premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2022/23 en centros públicos de Galicia, convocados pola Orde do 14 de setembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 185, do 25 de setembro).

A Orde do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2022/23 en centros públicos de Galicia establece, no seu artigo 14, que unha vez efectuada a selección, a comisión avaliadora elevará, a través da Dirección Xeral de Formación Profesional, un informe-proposta ao conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a adxudicación dos premios mediante a correspondente resolución para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez publicada a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas nos premios fin de carreira e vista a acta coa proposta definitiva da comisión avaliadora de adxudicación dos premios fin de carreira, e por proposta da directora xeral de Formación Profesional,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia, para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2022/23 en centros públicos de Galicia, ao alumnado que figura no anexo I desta resolución.

Segundo. Publicar no anexo II a listaxe das persoas que non obtiveron premio fin de carreira segundo as bases reguladoras da Orde do 14 de setembro de 2023.

Terceiro. Contra esta resolución de adxudicación de premios, que esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial*



de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, segundo o previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

ANEXO I

Listaxe das persoas beneficiarias dos premios fin de carreira en ensinanzas artísticas superiores da Comunidade Autónoma de Galicia e contía

Modalidade de Arte Dramática:

Apelidos e nome	Especialidade	Centro	Contía
Fernández Diéguez, Iván	Dirección Escénica e Dramaturxia	ESAD de Galicia	3.500 €

Modalidade de Conservación e Restauración de Bens Culturais:

Apelidos e nome	Especialidade	Centro	Contía
Leis Regueiro, Andrea	Bens Arqueolóxicos	ESCRBC de Galicia	3.500 €

Modalidade de Deseño:

Apelidos e nome	Especialidade	Centro	Contía
Vila Moreira, David	Moda	EASD Mestre Mateo	3.500 €
Rodríguez Regueiro, Pablo	Interiores	EASD Ramón Falcón	3.500 €

Modalidade de Música:

Apelidos e nome	Especialidade	Centro	Contía
López López, Lucas	Interpretación (canto)	CMUS Superior de Vigo	3.500 €
Galera Martínez, Sandra	Composición	CMUS Superior da Coruña	3.500 €



ANEXO II**Listaxe das persoas que non obtiveron premio fin de carreira con base no establecido na Orde do 14 de setembro de 2023****Modalidade de Deseño:**

Apelidos e nome	Especialidade	Centro
Baca Requejo, Jorge	Gráfico	EASD Antonio Faílde
Enríquez Navia, Antía	Interiores	EASD Ramón Falcón
Gómez García, Alicia	Moda	EASD Mestre Mateo
Lillo Ortiz, Tomás	Gráfico	EASD Antonio Faílde
Outumuro Rodríguez, Inés	Moda	EASD Mestre Mateo
Potes Lago, Melanie	Interiores	EASD Ramón Falcón

Modalidade de Música:

Apelidos e nome	Especialidade	Centro
Aneiros Vilaríño, Alberto	Composición	CMUS Superior da Coruña
Fernández Sánchez, Iria María	Interpretación (violín)	CMUS Superior da Coruña
Iglesias López, María	Interpretación (trompa)	CMUS Superior da Coruña
Loureiro Hernández, María	Interpretación (saxofón)	CMUS Superior da Coruña
Ochogavias Sotelo, Sara Lía	Musicoloxía (histórica)	CMUS Superior de Vigo
Raña Barreiro, Lara	Interpretación (fauta travesa)	CMUS Superior de Vigo

